

GELSOMINO

NO PAÍS DOS MENTIRÁNS

Texto de GIANNI RODARI

Tradución de ISABEL SOTO

Ilustracións de PABLO OTERO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 200 páx. 16 €.

[Gelsomino no país dos mentirás](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-045-4. Sete Leguas

[Gelsomino en el país de los mentirosos](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-046-1. Siete Leguas.

[Gelsomino al país dels mentiders](#) (català)

ISBN 978-84-16804-99-3. Set Llegües.

[Gelsomino no país dos mentirosos](#) (português)

ISBN 978-989-749-135-1. Sete Léguas.

Cando Gelsomino naceu, a xente do lugar ergueuse no medio da noite pensando que soaran as sirenas das fábricas que chamaban ao traballo, pero só era o naipelo que choraba para probar a súa voz, como fan todos os meniños acabados de nacer. Por fortuna, Gelsomino axiña aprendeu a durmir dende a noite até a mañá seguinte, como fan as persoas decentes, agás os xornalistas e os gardas nocturnos. O seu primeiro alarido soaba ás sete en punto...

Gelsomino é un rapaz cunha voz tan potente que pode esnaquizar castelos enteiros só con botar un berro. Coa axuda dun fantástico gato, enfrontarase ao rei do País dos Mentirás, onde mentir é obrigatorio por lei; onde dicir a verdade supón expoñerse a fortes sancións por orde de quen manda, un antigo pirata que tapa a cabeza cunha perruca laranxa e ao que lle encanta pronunciar discursos dende un balcón.

Esta obra, unha das máis imaxinativas e divertidas de Gianni Rodari, vai máis aló da ficción. No trasfondo da historia, escrita na década de 1960, está a era de Mussolini, do fascismo e da resistencia. Ese reino imaxinado por Rodari é tamén tremendamente actual. Nel, a voz ingobernable de Gelsomino é unha metáfora da rebeldía do autor, do seu sentido da xustiza e a prol da transformación social.

As ilustracións de Pablo Otero -acuarelas sobre tea sen imprimir- combinan os trazos xeométricos con figuras corpóreas. Son imaxes que destacan polo seu sentido simbólico, lúdico e *rodariano*.



- **Temática:** a verdade e a xustiza por contraposición á mentira e á opresión.
- **Idade recomendada:** a partir de 9 anos.
- **Aspectos destacables:** centenario de Gianni Rodari; humor, absurdo, imaxinación; aventuras; do autor de «[Que fai falta?](#)», «[Contos por teléfono](#)», «[Confundindo historias](#)», «[Inventando números](#)» e «[Era dúas veces o barón Lamberto](#)» e «[Gramática da fantasía](#)»; do ilustrador de «[A cociña de Toto Murube](#)», «[A raíña de Turnedó](#)», «[Contos por teléfono](#)» e autor de «[Parece unha formiga](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/gelsomino-g>

Gianni Rodari

(Omegna, 1920 - Roma, 1980)

Político, xornalista, pedagogo e escritor. Recibiu o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Vencellado ao Partido Comunista Italiano, colaborou con xornais como L'Ordine Nuovo e L'Unità, onde desenvolveu a súa paixón pola literatura infantil. Baseou na realidade obras como «O planeta das árbores», pero o éxito chegou con «Contos longos coma un sorriso», «As aventuras de Cipollino» ou «O libro dos retrousos». Entre as súas obras mestras destacan «Contos a máquina», «Contos por teléfono» e «Contos para xogar», que demostran que a brevidade pode xerar boas historias e permítenlle ao lector escoller o final. A partir das súas visitas a escolas e do traballo cos nenos escribiu «Gramática da fantasía» (1973), a súa grande achega á pedagogía contemporánea, coa que transmitiu a súa idea revolucionaria e liberadora da literatura.
<https://100giannirodari.com>

Pablo Otero

(Ourense, 1970)

Iniciou a súa traxectoria na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Artista visual e ilustrador, expón os seus debuxos, pinturas e esculturas en galerías de toda Galicia. Ten sido artista invitado na École Internationale de Genève, nas escolas públicas de São João da Madeira en Portugal ou na Laboral de Gijón. Con máis dunha vintena de libros publicados, recibiu os premios María Casares e FETEN de Escenografía 1999, unha mención no Premio Libreter 2000 por «Mateo» e o Premio Isaac Díaz Pardo de Ilustración 2011 por «Contos por teléfono», ambos de KALANDRAKA. Colabora con estudos de arquitectura elaborando propostas para obra pública e privada.
https://www.instagram.com/pablo_otero_rodriguez